En conxunto, as achegas deste simposio poñen de manifesto a necesidade de fortalecer a dimensión socioeducativa das políticas e accións culturais, tanto desde a formación inicial como desde a práctica profesional. Os traballos presentados converxen na reivindicación dun modelo de acción cultural transformador, baseado na participación activa da cidadanía e orientado ao desenvolvemento comunitario, superando as aproximacións meramente consumistas ou espectaculares. As investigacións presentadas contribúen a visibilizar e fortalecer o papel da educación social neste ámbito, aportando evidencias e propostas para unha práctica profesional máis efectiva e comprometida coa transformación social.

Contribución 1

A animación sociocultural e a xestión cultural como ámbitos da educación social. Análise da súa presenza nos plans de estudo nos graos universitarios de Galicia

Andrea Maroñas Bermúdez (Universidade de Santiago de Compostela)

Kylyan Marc Bisquert i Pérez (Universidade de Santiago de Compostela)

Iván García García (Concello de Vedra)

RESUMO

O CEESG establece a animación sociocultural e a xestión cultural como ámbitos propios da educación social, definindo funcións específicas como o deseño e avaliación de proxectos de animación sociocultural, a xestión de recursos e equipamentos culturais, ou o desenvolvemento de procesos socioeducativos vinculados ao patrimonio histórico-cultural.

Esta investigación analiza como responden as universidades galegas a esta demanda profesional a través dos seus plans de estudo. Realizouse unha análise documental dos plans de estudo dos

graos en Educación Social das tres universidades galegas xunto a UNED -por ter esta sede no territorio-, identificando e analizando as materias relacionadas coa ASC, a XC e as PC.

Os resultados mostran que todas as universidades inclúen formación específica en animación sociocultural, aínda que con diferentes enfoques e intensidades. Resulta relevante que, mentres algunhas universidades establecen estas materias como obrigatorias, outras optan por incluílas como optativas, o que pode xerar diferenzas importantes na formación dos futuros profesionais.

No relativo ás políticas culturais, a formación é aínda máis heteroxénea e maioritariamente optativa, situándose nos cursos superiores. Esta situación suxire unha falta de recoñecemento da centralidade destes contidos na formación dos educadores sociais, a pesar da súa relevancia no campo profesional.

A análise revela unha significativa disonancia entre as demandas profesionais e a formación universitaria. Se ben existe presenza destes contidos nos plans de estudo, o seu carácter optativo en moitos casos non garante unha formación sistemática e uniforme do alumnado nestas competencias profesionais.

En síntese, é necesario reforzar a presenza destes contidos nos plans de estudo, especialmente no seu carácter obrigatorio, así como garantir a súa transversalidade no conxunto da formación, para asegurar unha mellor preparación dos futuros educadores sociais nestes ámbitos profesionais.

PALABRAS CHAVE

Animación sociocultural; Educación social; competencias profesionais; políticas culturais; formación universitaria.

REFERENCIAS

Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia. (2017). *Funcións das Educadoras e Educadores Sociais por ámbito de actuación*. CEESG.

Contribución 2

A dimensión socioeducativa da acción cultural local: unha necesidade para o desenvolvemento comunitario

Iván García García (Concello de Vedra)

RESUMO

O ámbito local preséntase como o espazo idóneo para desenvolver unha acción cultural que transcenda a mera oferta de produtos culturais e espectáculos, configurándose como unha ferramenta fundamental para a construción de cidadanía e o desenvolvemento comunitario. Non obstante, as actuais políticas culturais locais adoitan centrarse case exclusivamente na democratización do acceso á cultura, relegando a un segundo plano a democracia cultural e a participación da cidadanía.

O contexto actual, marcado pola globalización e o consumismo, está a xerar unha estandarización cultural que ameaza as identidades locais e minimiza a capacidade de acción individual e comunitaria. Fronte a esta realidade, precisamos dunha acción cultural que poña o foco na dimensión socioeducativa, entendendo a cultura como un proceso de aprendizaxe e transformación social.

Esta perspectiva require dunha redefinición do papel dos profesionais da acción cultural local. A actual indefinición dos perfís profesionais (xestores culturais, animadores socioculturais, educadores sociais...) está a dificultar o desenvolvemento dunha práctica profesional coherente e eficaz. Cómpre establecer un marco profesional claro que permita desenvolver unha acción cultural baseada en procesos socioeducativos e non só na xestión de recursos e programación de actividades.

A administración local, como a máis próxima á cidadanía, debe liderar esta transformación, entendendo a cultura como un elemento transversal que contribúe a definir obxectivos educativos, sociais, identitarios e de desenvolvemento territorial. Para iso, é fundamental superar o actual modelo baseado no consumo cultural e apostar por unha acción cultural que promova a participación activa.

En definitiva, propoñemos unha acción cultural local que, desde unha dimensión eminentemente socioeducativa, contribúa a que a cidadanía acceda a unha vida máis rica, plena e autónoma, participando activamente na transformación do seu entorno social e cultural.

PALABRAS CHAVE

Acción cultural; dimensión socioeducativa; desenvolvemento comunitario; participación cidadá; identidade local.

REFERENCIAS

- García García, I., & Lavandeira, F. R. (2022). A acción cultural desde os concellos e a súa necesaria dimensión socioeducativa. *Revista galega de educación*, 82, 25-27.
- Olmos, H. A. (2008). *Gestión cultural y desarrollo: Claves del desarrollo*. <https://www.cervantesvirtual.com/obra/gestion-cultural-y-desarrollo-claves-del-desarrollo--0/>

Contribución 3

Arte comunitaria e animación sociocultural no marco das políticas culturais: características e funcións profesionais

Álex Rey Álvarez (Universidade de Santiago de Compostela)

Julio Esparís Pereiro (Universidade de Santiago de Compostela)

RESUMO

A Arte Comunitaria (AC), como estratexia socioeducativa, colaborativa e dialóxica, emprega dun xeito autotélico as artes coa finalidade de favorecer o desenvolvemento social, cultural e educativo das comunidades e de tódalas persoas e grupos que as conforman, a través de procesos de mediación e de creación colectiva de feitos artísticos. Este termo foi evolucionando, dende os 70, onde a arte contextual e pública era concibida como ferramenta crítica e de denuncia social, pasando pola década dos 90 onde prevaleceu un paradigma asistencialista e xestor, ata a concepción actual, cunha viraxe cara aos dereitos culturais e á democracia cultural participativa a partir de propostas comunitarias independentes, autoxestionadas ou de xestión mixta (Infantino, 2020). A vinculación conceptual da AC coa Animación Sociocultural (ASC), entendida no marco das políticas socioculturais como metodoloxía de acción e de intervención

que procura o desenvolvemento social, educativo e cultural das comunidades, resulta evidente. Así, a presente contribución explora as relacións entre ambos termos atendendo ás catro dimensións da ASC e ás funcións das educadoras neste eido.

Esta indagación realizouse baixo os preceptos da revisión bibliográfica e da análise de contido, enmarcada no referencial teórico dunha investigación máis ampla que afondou na evidencia científica da AC como estratexia de ASC a través dunha revisión sistemática.

Como resultados, as funcións das educadoras no ámbito da ASC (CEESG, 2017) teñen un grao de coincidencia elevado coas funcións das profesionais da AC (Villaronga, 2017); as aportacións das artes ás dimensións da ASC fan necesario telas en conta á hora de planificar ou deseñar intervencións neste ámbito.

A converxencia entre AC e ASC amplía e fortalece o campo profesional da Educación Social, potenciando o seu papel transformador nas comunidades a través da incorporación das artes como ferramenta metodolóxica e da promoción da democracia cultural participativa.

PALABRAS CHAVE

Arte comunitaria; animación sociocultural; participación; transformación social; políticas culturais.

REFERENCIAS

- Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia. (2017). *Funcións das Educadoras e Educadores Sociais por ámbito de actuación*. CEESG.
- Infantino, J. (2020). Sentidos de la Potencialidad Crítica, Política y Transformadora de las Artes. *Cadernos de Arte e Antopología*, 9(1), 12-28. <https://doi.org/10.4000/cadernosaa.2581>
- Villaronga, E. (2017). *Música Comunitaria y Transformación Social* [Tese de mestría, Univesitat de Barcelona]. <http://hdl.handle.net/2445/127673>

Contribución 4

Dimensión socioeducativa e transformación territorial. Análise das políticas culturais nos concellos da Coruña (2000-2024)

Julio Esparís Pereiro (Universidade de Santiago de Compostela)

Álex Rey Álvarez (Universidade de Santiago de Compostela)

Andrea Maroñas Bermúdez (Universidade de Santiago de Compostela)

RESUMO

A presente comunicación describe unha investigación en curso, financiada polas bolsas de investigación da Deputación da Coruña, que analiza a evolución das políticas culturais municipais na provincia nas últimas dúas décadas e o seu impacto no desenvolvemento comunitario.

O estudo parte dunha perspectiva socioeducativa para examinar a dimensión cultural en relación cos procesos de transformación social e pedagóxica a nivel municipal. A investigación toma como punto de partida o Proxecto Interea, unha iniciativa pioneira de colaboración entre a Deputación da Coruña e as universidades da provincia que, entre 2001 e 2009, supuxo un fito na diagnose e formación na dinamización do tecido cultural local.

Metodoloxicamente, o traballo estrutúrase en tres fases complementarias. A primeira céntrase na análise documental e reanálise dos datos e informes producidos no marco do Proxecto Interea. A segunda fase desenvolve un traballo de campo nos concellos da provincia, combinando técnicas cuantitativas e cualitativas. Por último, a terceira fase contempla o desenvolvemento de procesos participativos con axentes clave do territorio para identificar retos e deseñar liñas estratéxicas de futuro.

Esta aproximación permitirá comprender en profundidade como evolucionaron as políticas culturais municipais e o seu papel na vertebración territorial e no fortalecemento do tecido social comunitario, ademais de proporcionar orientacións para o deseño de políticas culturais locais máis efectivas e sustentables.

PALABRAS CHAVE

Políticas culturais; desenvolvemento comunitario; educación social; investigación lonxitudinal; administración local.

REFERENCIAS

- Caride, J. A., & Pose-Porto, H. M. (2021). *Proxecto XERF@. Formación e profesionalización da acción cultural pública en Galicia*.
- Deputación Provincial da Coruña. (2002). *A realidade da acción cultural, xuvenil e deportiva dos concellos da provincia da Coruña: Informe preliminar*. Deputación Provincial.
- Pose-Porto, H. M., & Caride, J. A. (2022). De la formación a la profesionalización en la acción cultural: Realidades y perspectivas de futuro en las políticas públicas (Proyecto Xerf@ en Galicia). *Education Policy Analysis Archives*, 30. <https://doi.org/10.14507/epaa.30.6675>

SIMPOSIO: JUVENTUD EN ACCIÓN LIDERANDO EL CAMBIO GLOBAL DESDE LA INVESTIGACIÓN, LA PARTICIPACIÓN Y EL ACTIVISMO

Coordinadora: María José Caride Delgado (Solidariedade Internacional de Galicia)

RESUMEN DEL SIMPOSIO

La Educación Social impulsa la transformación social, al empoderar a la juventud y fomentar su participación en la construcción de una sociedad más justa e inclusiva. Es fundamental contar con espacios donde puedan desarrollar su capacidad crítica y reflexiva, al tiempo que se fomenta su implicación en la vida comunitaria. La participación no solo fortalece el sentido de pertenencia y la identidad colectiva, sino que también les permite ser protagonistas de los procesos de cambio social, impulsando iniciativas que responden a sus inquietudes y necesidades.

Las contribuciones presentadas, exploran diversos aspectos de la participación juvenil en la transformación social, destacando metodologías innovadoras y participativas que sitúan a la juventud como protagonistas de los procesos de investigación y cambio. Las propuestas muestran diferentes temas; sexualidad, retos globales, liderazgo social y activismo climático, utilizando enfoques cualitativos que priorizan la voz y la experiencia de las personas participantes.

Revelan la importancia de democratizar los procesos de comunicación, generando espacios donde puedan co-crear conocimiento, desarrollar pensamiento crítico y fortalecer la habilidad de actuar de manera independiente, tomar decisiones propias y generar cambios en su entorno. Desde el proyecto sobre sexualidad en el ayuntamiento de Los Corrales de Buelna hasta el análisis del movimiento de Fridays for Future en Galicia, se evidencia un denominador común: la necesidad de crear metodologías que transiten de lo individual a lo colectivo, de lo personal a lo político.

Los resultados sugieren que para promover el compromiso juvenil es fundamental diseñar estrategias que reconozcan sus motivaciones reales, como el deseo de transformar el mundo, ayudar a otros/as y compartir experiencias. Además, se destaca el potencial de herramientas como juegos, podcast, historias de vida y metodologías participativas para generar procesos de reflexión y acción colectiva.

Contribución 1

Promoviendo liderazgos juveniles transformadores en contextos no formales

Ana Lampón Gude (Solidariedade Internacional de Galicia)

Eloi Fernández Ramos (Solidariedade Internacional de Galicia)

Laura Cruz López (Universidade da Coruña)

María José Caride Delgado (CIFP Leixa)

RESUMEN

Esta experiencia incide en la promoción de la participación social de la juventud gallega, especialmente aquella en riesgo de exclusión o contextos de vulnerabilidad. La participación social es un derecho fundamental y un pilar de la democracia, cuya ausencia puede derivar en extremismo, falta de representación política y desigualdades sociales, no obstante, se observa una creciente desafección política y un distanciamiento entre ciudadanía e instituciones, por ello este fenómeno es particularmente relevante en el contexto actual. Solidaridad Internacional de

Galicia (SIG) consideramos esencial fomentar la participación juvenil como motor de cambio social, promoviendo valores como compromiso y solidaridad. Por ello, apostamos por el trabajo con jóvenes en contextos no formales y en situación de vulnerabilidad, entendiendo la exclusión como la no participación en la construcción social (Jiménez Gómez, 2014). Pues nuestra entidad lleva más de veinte años trabajando con jóvenes, tanto en Galicia como a nivel global a través de proyectos de cooperación internacional, lo que nos ha permitido adquirir experiencia y desarrollar enfoques pedagógicos basados en el liderazgo juvenil transformador. El objetivo del proyecto es mejorar, fortalecer y reconocer la participación social de la juventud gallega vulnerada, conocer sus motivaciones y prácticas participativas generando conocimiento y referentes. Para ello nos acercamos a diferentes iniciativas realizando grupos de discusión para documentar sus “Historias de vida” (acciones, dificultades y logros), y construyendo desde la reflexión colectiva, a través de vídeo-relatos, el sentido de sus propias experiencias, que posteriormente fueron visibilizadas y divulgadas. A lo largo de este proceso hemos identificado tres de las principales razones para la participación juvenil: deseo de cambiar o mejorar el mundo, ayudar a otros y compartir experiencias.

PALABRAS CLAVE

Educación para la ciudadanía global; participación social; juventud; liderazgo; vulnerabilidad.

REFERENCIAS

Gómez Minguela, V. (2014). *La inclusión social de menores adolescentes en riesgo de exclusión social a través de la participación comunitaria*. [Trabajo de Fin de Grado, Universidad de Valladolid, Facultad de Educación de Palencia]. Repositorio documental institucional de la Universidad de Valladolid. <http://uvadoc.uva.es/handle/10324/6812>

Instituto de la Juventud. (2017). Sondeo de opinión 2017.1. *Jóvenes, participación y cultura política*. Informe de resultados, 41. https://www.injuve.es/sites/default/files/2018/27/publicaciones/sondeo_2017-1_informe.pdf

Jiménez Gómez, F. J. (2014). *La lucha contra la exclusión social en la evolución de la democracia: participación, proximidad y sentido*. [Tesis doctoral, Universidad Nacional de Educación a Distancia]. Repositorio institucional de la UNED. <https://roble.intecca.uned.es/fez/view/tesisuned:CiencPolSoc-Fjjimenez>

Contribución 2

Jóvenes que indagan sobre sexualidad en un mundo global

Carlos Rodríguez-Hoyos (Universidad de Cantabria)

M^a Paloma Mata Codesal (Ayuntamiento de Los Corrales de Buena)

María Martínez Gómez (Ayuntamiento de Los Corrales de Buelna)

Adelina Calvo Salvador (Universidad de Cantabria)

RESUMEN

Este trabajo surge de la colaboración entre profesionales de la Universidad de Cantabria y del Centro de Atención a la Infancia y Adolescencia del Ayuntamiento de Los Corrales de Buelna y se enmarca en un proyecto más general. La colaboración se organizó con el objetivo de crear un equipo mixto de investigación entre ambas instituciones que organizara encuentros educativos que permitieran indagar a un grupo de jóvenes sobre aspectos de su realidad cercana. El diseño conjunto permitió, a través de técnicas participativas de investigación, ir dando respuesta a tres preguntas: ¿qué deseo investigar?, ¿cómo lo voy a hacer?, ¿cómo voy a difundir los resultados de mi investigación?

El uso de una metodología cualitativa y participativa permitió trabajar con texto, fotografía y vídeo para explorar diferentes aspectos sobre la sexualidad, asunto que finalmente se decidió como objeto de nuestra investigación. Para conocer más sobre la realidad a investigar se diseñaron entrevistas con diferentes especialistas de la región que fueron grabadas en audio y posteriormente editadas para generar el podcast Sexualidad Sin Fronteras.

Los resultados evidencian la necesidad de colocar al inicio de los procesos de indagación las necesidades y expectativas de las personas jóvenes, como elemento clave para generar procesos de investigación más participativos. Se hace necesario democratizar los procesos de comunicación, ofreciendo posibilidades genuinas de participación usando diversas estrategias estimuladoras como, por ejemplo, las preguntas (o palabras) generadoras inspiradas en la pedagogía de Freire (Cendales y Gómez Obando, 2022). Los resultados también sugieren la necesidad de generar conversaciones culturales complejas (Hernández, 2012) que permitan transitar de lo individual a lo colectivo, de lo personal a lo político, prestando especial atención al lenguaje como mecanismo matricial para generar cambios y narraciones que, a su vez, darán lugar a experiencias nuevas.

PALABRAS CLAVE

Educación para la ciudadanía global; sexualidad; adolescencia; técnicas participativas de investigación; producción mediática crítica.

REFERENCIAS

Cendales, L. & Gómez Obando, S. (2022). En C. Rodríguez, et al. (coords.), *Investigar desde el Sur. Epistemologías, metodologías y cartografías emergentes* (pp. 269-301). Ediciones desde abajo.

Hernández, F. (2012). Elementos para una génesis de un campo de estudio de las prácticas culturales de la mirada y la representación. *Visualidades*, 4(1, 2), 12-62. <https://doi.org/10.5216/vis.v4i1ei2.17998>

Contribución 3

Determinantes do compromiso xuvenil no activismo climático: Unha análise desde a experiencia activista en Galicia e estudos demoscópicos recentes

Miguel Pardellas Santiago (Feitoria Verde S. Coop. Galega)

Júlio J. Conde (Universidade de Santiago de Compostela)

María Barba Nuñez (Universidade da Coruña)

RESUMO

A emerxencia climática levou a máis de 1,6 millóns de persoas en todo o mundo a participar en folgas estudantís e protestas nas rúas dentro do movemento Fridays for Future. Esta mobilización supuxo unha experiencia inédita de activismo climático, amplamente estudada, caracterizada polo seu alcance global e pola súa maioritaria representación xuvenil, esixindo unha maior atención pública e política sobre esta problemática (Beckh e Limmer, 2022). Con todo, tras o seu punto álxido en 2019, a participación no movemento sufriu unha forte caída en 2020, afectada pola pandemia da COVID-19 e as medidas restritivas asociadas. Neste contexto, apúntase á necesidade de investigar as dinámicas que inflúen na participación e na sustentabilidade do movemento a longo prazo (Noth e Tonzer, 2022).

No marco do proxecto RESCLIMA-EDU2 (RTI2018-094074-B-I00), buscouse analizar os factores que condicionan a vinculación e o compromiso da mocidade co movemento en Galicia, e aqueles elementos que inciden no abandono da participación. Realizouse unha análise cualitativa a partir dos discursos recollidos en tres grupos focais con integrantes do movemento en Galicia: dous deles antes da pandemia e un terceiro posteriormente. O estudo permite identificar tanto as limitacións impostas polas medidas sanitarias como outros factores internos de desgaste da dinámica do colectivo. Alén disto, considérase a incidencia dun posible cambio nas preocupacións sociais a nivel global, que podería estar reducindo a relevancia da crise climática na axenda pública (Noth e Tonzer, 2022). Nun contexto no que os últimos estudos demoscópicos sobre a poboación española identifican unha tendencia crecente cara ao escepticismo e o negacionismo climático entre as xeracións máis novas (IHOBE, 2024), a potencial reconfiguración das prioridades sociais suxire a necesidade de repensar as estratexias de mobilización para garantir a persistencia das preocupacións ambientais entre as capas máis novas das nosas sociedades.

PALABRAS CHAVE

Activismo ambiental; movementos xuvenís; cambio climático; desmobilización cidadá.

REFERENCIAS

- Beckh, P., & Limmer, A. (2022). The Fridays for Future Phenomenon. En P. A. Wilderer, M. Grambow, M. Molls & K. Oexle (Eds.), *Strategies for Sustainability of the Earth System. Strategies for Sustainability* (pp. 427–432). Springer. https://doi.org/10.1007/978-3-030-74458-8_28
- IHOBE. (2024). *Cambio climático y transición energética*. Presidencia del Gobierno Vasco. <https://www.ihobe.eus/publicaciones/cambio-climatico-y-transicion-energetica-2024>
- Noth, F., & Tonzer, L. (2022). Understanding climate activism: Who participates in climate marches such as “Fridays for Future” and what can we learn from it? *Energy Research & Social Science*, 84, 102360, <https://doi.org/10.1016/j.erss.2021.102360>

Contribución 4

Jóvenes co-creando conocimiento sobre los retos globales en las aulas universitarias

Isabel Hevia Artime (Universidad de Oviedo)

Aquilina Fueyo Gutiérrez (Universidad de Oviedo)

Gloria Braga Blanco (Universidad de Oviedo)

RESUMEN

Este trabajo toma como punto de partida el proyecto Investigación participativa en laboratorios juveniles de ciudadanía global (GlobalLabs)¹, que nace de la hipótesis de que para mejorar los niveles de compromiso global las personas jóvenes deben participar en experiencias que aumenten y mejoren su agencia, voz y capacidad de investigación y comprensión sobre cuestiones globales. Es por ello, que se desarrolla una experiencia de co-creación con estudiantes universitarios del Grado de Pedagogía de la Universidad de Oviedo a través de un ciclo de práctica, observación y experimentación comprometida que abarca también la apertura de espacios de trabajo colectivo con agentes sociales. Al alumnado se le plantea el reto de convertirse en co-creadores del juego Global Quest. ¿Qué pintamos en el planeta?² que sirve de base para abordar cuatro retos globales: derechos humanos y sociales, democracia y participación, diversidad humana y sostenibilidad ambiental (Braga, 2024). Se solicita al alumnado que codiseñe nuevas pruebas de este juego para ser puestas en práctica con adolescentes de la Fundación Mar de Niebla.

Esta práctica de co-creación ha demostrado tener un gran potencial en la (re)construcción de conocimientos que los jóvenes tienen sobre los retos globales, siendo muy útil para formar jóvenes capaces de comprender estos retos y de actuar colaborativamente para solventarlos. Esta estrategia propicia el desarrollo integral del alumnado, mejorando sus capacidades de comunicación, reflexión, liderazgo y toma de decisiones (Bovill et al., 2011; Perry, 2022). Ha resultado muy útil para que los jóvenes pasen a la acción, para promover un pensamiento crítico y unos conocimientos que les permitan enfrentarse a los retos personales y colectivos que tienen por delante.

1. Proyecto PID2023-146088OB-C32, financiado por MICIU/AEI/10.13039/501100011033 y FEDER,UE
2. Diseñado por Equipo ieTIC-EVEA Universidad de Oviedo (<https://www.unioviedo.es/grupoetic/global-quest>)

PALABRAS CLAVE

Educación para la Ciudadanía Global; retos globales; pedagogía; co-creación.

REFERENCIAS

- Bovill, C., Cook-Sather, A., & Felten, P. (2011). Students as co-creators of teaching approaches, course design, and curricula: implications for academic developers. *International Journal for Academic Development*, 16(2), 133-145. <https://www.tandfonline.com/doi/full/10.1080/1360144X.2011.568690>
- Braga Blanco, G. (coord.) (2024). *Global Quest. ¿Qué pintamos en el planeta?. Compendio del material gamificado*. Grupo EITIC-EVEA. Universidad de Oviedo.
- Perry, B. (2022). Co-production as praxis: Critique and engagement from within the university. *Methodological Innovations*, 15(3), 341-352. <https://doi.org/10.1177/20597991221129773>

SIMPOSIO: OCIO E PARTICIPACIÓN EN TEMPOS DE EMERXENCIA SOCIAL E CLIMÁTICA

Coordinación: Kylyan Marc Bisquert i Pérez (Universidade de Santiago de Compostela)

RESUMO DO SIMPOSIO

A emerxencia climática, a persistencia da pobreza e da exclusión social, o envellecemento acelerado da poboación ou o impacto das novas tecnoloxías nos tempos educativos e sociais son desafíos contemporáneos transcendentais e ineludibles. Por iso, cada vez resulta máis necesaria a confluencia de miradas e propostas socioeducativas articuladas dende a Pedagogía Social e a Educación Ambiental para dar resposta a estes retos. Neste sentido, a comprensión e o manexo dos tempos na vida cotiá debeñen factores clave, tanto para entender as realidades emerxentes, cada vez máis complexas e en constante cambio, como para definir as respostas sociais necesarias e accións socioeducativas que as promovan e acompañen, dentro das marxes temporais que as crises poliédricas impoñen. Isto é, comprender os tempos e educar(nos) nos tempos para actuar a tempo.

Así pois, resulta de especial interese e relevancia dar a coñecer as investigacións que analizan os usos dos tempos educativos e sociais en diferentes ámbitos, contextos e colectivos, prestando especial atención aos espazos de ocio e participación que se están a conformar en tempos de emerxencia social e climática, así como as experiencias profesionais que están a desenvolver programas e iniciativas de acción socioeducativa neste eido.

Este simposio pretende ser un espazo para o diálogo e a reflexión crítica colectiva sobre a indispensable conxunción entre a Pedagogía Social e a Educación Ambiental, interface fecunda de liñas de investigación interrelacionadas e de accións socioeducativas innovadoras, tanto no ámbito da Educación para a Emerxencia Climática como no da Educación do Ocio. A posta en común dos coñecementos e das aprendizaxes derivadas tanto das investigacións documentais e empíricas como das experiencias profesionais desenvolvidas é un paso indispensable para acompañar e promover as transicións socioecolóxicas que os tempos de emerxencia como os que estamos a vivir demandan.

Contribución 1

[Resclim@tiempo: boas prácticas socioeducativas para a transición ecolóxica ante a emerxencia climática](#)

María Aguión Lamas (Universidade de Santiago de Compostela)

Inés Merayo Fernández (Universidade de Santiago de Compostela)

Diego López Seone (Universidade de Santiago de Compostela)

María Formoso Silva (Universidade de Santiago de Compostela)

RESUMO DO SIMPOSIO

Resclim@tiempo é un proxecto de investigación liderado polos grupos de investigación SEPA-interea (USC) e HUM 890 (UGr). Neste proxecto indágase sobre os desafíos contemporáneos con relación á emerxencia climática e a transición ecolóxica, afondando nas súas representacións sociais e dimensións temporais, dende a confluencia na investigación en educación do ocio e para a emerxencia climática. Neste marco, estase a desenvolver un mapeo co obxectivo de identificar e avaliar as sinerxías que vinculan a emerxencia climática, a cultura da

sustentabilidade e a transición socioecolóxica a boas prácticas socioeducativas que se desenvolvan en diferentes ámbito da vida cotiá, valorando a incidencia dos tempos educativos e sociais. Este traballo identifica e recoñece experiencias transformadoras en funcionamento por todo o planeta para facilitar a súa visibilización e posible replicabilidade. A análise das boas prácticas identificadas pretende ofrecer unha perspectiva ampla sobre como abordan a emerxencia climática, detectando patróns, estratexias efectivas e barreiras que dificultan a integración destas prácticas nos sistemas educativos regrados e outros ámbitos socioeducativos. Ao comparar enfoques diversos, destaca o papel clave que xogan os tempos educativos e sociais no compromiso ambiental e na adopción de modelos máis comprometidos co futuro do planeta. Os resultados preliminares apuntan a unha necesidade urxente de reforzar a conexión entre educación e acción climática, fomentando prácticas socioeducativas que non só informen, senón que motiven cambios reais nas comunidades. A investigación tamén subliña a importancia das redes de colaboración entre centros educativos, organizacións sociais e institucións, adoptando enfoques sistémicos e interdisciplinares. Este mapeo contribúe a salientar o potencial da educación como ferramenta de transformación ecolóxica e social, fornecendo un coñecemento esencial para o deseño de estratexias educativas acordes aos desafíos actuais.

PALABRAS CHAVE

Emerxencia climática, boas prácticas, transición ecolóxica, iniciativas socioeducativas, tempos sociais

Contribución 2

Participación infantil: fases de co-creación dun proxecto de investigación-acción en Teo (Galiza)

Aida Raíndo Vázquez (Feitoría Verde - Sociedade Cooperativa Galega)

Aida Lorenzo-Campos (Universidade de Santiago de Compostela)

Xabier Riádigos-Couso (Universidade de Santiago de Compostela)

Diana Escobar-Arias (Universidade de Santiago de Compostela)

RESUMO

O convenio asinado pola USC e o Concello de Teo (Galiza) permitiu levar a cabo o proxecto de investigación-acción “CON_LecerTeo: explorando os nosos tempos de lecer” (1) entre 2020 e 2024. O obxectivo desta comunicación é presentar as diferentes fases. Na primeira deseñouse e administrouse un cuestionario a 573 estudantes dos 4 centros educativos do municipio en colaboración coas nenas, nenos e adolescentes (NNA) do Foro de Participación Infantil e Adolescente (FoPIA) de Teo, que fixeron parte da equipa investigadora dende o inicio no proxecto (Formoso et al., 2023). Na segunda, analizáronse os datos cos membros do FoPIA a través de dinámicas para xerar propostas de acción creadas dende a reflexión colectiva e o diálogo. A terceira dedicouse ao proceso de socialización dos resultados dos cuestionarios á cidadanía de Teo a través do deseño e creación por parte das NNA dunha exposición itinerante polos diferentes espazos socioeducativos do concello (Riádigos e Lorenzo, 2024). Elaboráronse propostas de acción comunitaria por persoas adultas e infancias. As propostas adultas foron aumentar o protagonismo das NNA e a promoción dunha acción participada como elementos distintivos. As infancias propuxeron replicar o cuestionario da primeira fase e unha serie de estratexias: ceder espazo e tempo extraescolares; traballar de maneira específica en 5º de Educación Primaria; apostar pola acción intercentros. Pero tamén sinalaron algúns obstáculos: falta de tempo motivada pola intensa actividade cotiá das NNA; burocratización dos procesos; necesidade de recursos humanos para acompañar ás NNA nos espazos e tempos extraescolares.

(1) Proxecto “Educación e conciliación para a equidade: análise da súa incidencia nos tempos escolares e sociais da infancia” – CON_TIEMPOs (RTI2018-094764-B-I00).

PALABRAS CHAVE

Participación; ocio; infancia; investigación-acción.

REFERENCIAS

Formoso, M., Escobar, D. & Esparís, J. (2023). Los tiempos de ocio desde la perspectiva de la infancia. Aportes de una investigación-acción. *Pedagogía Social. Revista Interuniversitaria*, 43, 75-89. https://doi.org/10.7179/PSRI_2023.43.05

Riádigos, X. & Lorenzo, A. (2024). La investigación como escenario de participación infantil: percepciones y propuestas de acción comunitaria. *Pedagogía Social. Revista Interuniversitaria*, 44, 51-67. https://doi.org/10.7179/PSRI_2024.44.03

Contribución 3

Ocio comunitario e pobreza infantil: percepción, prácticas e barreiras

María Formoso Silva (Universidade de Santiago de Compostela)

RESUMO

O lecer e tempo libre é un dos ámbitos fundamentais para o benestar persoal e social da infancia, xa que incide directamente na construción da súa identidade. Porén, a pobreza limita o acceso a recursos e oportunidades socioeducativas, vulnerando o dereito das nenas, nenos e adolescentes (NNA) a un ocio inclusivo e de calidade.

Esta comunicación, que forma parte dunha tese de doutoramento (Formoso-Silva, 2023), constitúe un estudo de caso centrado na Zona de Atención Meicende-Pastoriza (Arteixo, A Coruña). A través dunha metodoloxía cualitativa —baseada en 15 entrevistas a familias (proxenitores), un grupo focal, entrevistas individuais e grupais con 10 NNA, e un grupo de discusión con cinco profesionais— analízanse as percepcións, prácticas e barreiras asociadas ao ocio comunitario neste territorio.

Os resultados obtidos revelan que a oferta comunitaria é percibida polas familias e NNA como limitada e pouco diversificada, mentres que os profesionais valoran positivamente a variedade e accesibilidade das actividades, aínda que recoñecen a priorización das necesidades básicas sobre o lecer. A participación céntrase en actividades deportivas e académicas, con apoio e acompañamento dos servizos sociais e clubs deportivos que facilitan o seu acceso e promoven a inclusión social. As principais barreiras identificadas inclúen limitacións económicas, problemas de mobilidade e transporte, falta de tempo debido á carga escolar, problemas de conciliación, resistencia dos centros educativos a ceder espazos e falta de coordinación entre axentes implicados; factores que condicionan o acceso e disfrute do ocio comunitario neste contexto.

En conclusión, evidénciase a importancia de fortalecer redes comunitarias que faciliten o acceso a actividades de lecer enriquecedoras. As barreiras económicas, de mobilidade, o descoñecemento das iniciativas e a falta de coordinación entre servizos limitan a participación. Polo tanto, é fundamental promover políticas públicas que garantan unha distribución equitativa das oportunidades de lecer e fomenten a inclusión social.

PALABRAS CHAVE

Ocio, pobreza, infancia, educación, pedagogía social.

REFERENCIAS

Formoso-Silva, M. (2023). *La pobreza en la vida cotidiana de la infancia. Un estudio de caso en perspectiva socioeducativa* [Tesis doctoral, Universidade de Santiago de Compostela]. <http://hdl.handle.net/10347/32488>

Contribución 4

Ocio en tempos de cambio: persoas maiores en acción

Marcos Damián Carrizo (Universidade de Santiago de Compostela)

Kylyan Marc Bisquert i Pérez (Universidade de Santiago de Compostela)

RESUMO

O envellecemento da poboación a nivel mundial proxecta un aumento significativo no número de persoas adultas maiores de 75 anos, un grupo de idade que enfrenta desafíos particulares en relación coa inclusión e o acceso a unha educación-formación que contribúa ao seu desenvolvemento. A aprendizaxe equitativa e inclusiva ao longo da vida non pode ser allea a estas circunstancias.

Neste contexto, a situación demográfica en Galicia reflicte un acusado declive da natalidade e un progresivo envellecemento da poboación. Segundo a Fundación Adecco (2025), a partir dos datos do INE, en 2024 o saldo vexetativo rexistrou un déficit nesta comunidade, agravando a fenda xeracional e reforzando a urxencia de políticas de inclusión para persoas maiores. Actualmente, o número de habitantes de máis de 64 anos supera amplamente ao de menores de 16.

Ante esta situación, o dereito ao ocio emerxe como un elemento clave para garantir a calidade de vida das persoas maiores. A emerxencia climática e os cambios sociais acelerados pola tecnoloxía, xunto coas crises sociais e económicas, obrigan a repensar as prácticas de ocio das persoas maiores, incorporando perspectivas de sustentabilidade, participación activa e educación ambiental. Nesta comunicación preséntase unha análise das oportunidades e os desafíos do ocio das persoas maiores en tempos de cambio, explorando iniciativas innovadoras que promoven o seu protagonismo social e a súa contribución ás transicións socioecolóxicas. Este enfoque intégrase dentro das propostas da Pedagogía Social segundo Caride, Vila e Vieites (2020), quen destaca a necesidade de políticas e programas socioeducativos que fomenten a inclusión e a participación da terceira idade.

PALABRAS CHAVE

Adultos maiores; ocio e tempo libre; educación para toda a vida; pedagogía social; políticas socioculturais.

REFERENCIAS

Caride, J. A., Vila, E. S., & Vieites, M. F. (2020). Hacia una pedagogía del tiempo en la sociedad-red. En J. A. Caride, M. B. Caballo & R. Gradaílle (Coords.), *Tiempos, educación y ocio en una sociedad de redes* (pp. 31-48). Octaedro. <https://doi.org/10.36006/16264-02>

Fundación Adecco (2025). *La apuesta por el talento sénior no es un reto futuro, sino una urgencia presente*. Nota de prensa publicada o 19/2/2025.

SIMPOSIO: NOVAS PROFESÍONS NA EDUCACIÓN SOCIAL. UN FUTURO ILUSIONANTE

Coordinación: Millán Brea Castro (Universidade de Vigo)

RESUMO DO SIMPOSIO

A Educación Social enfróntase a un panorama en constante transformación, impulsado polos cambios tecnolóxicos, sociais e culturais que redefinen as necesidades e demandas da sociedade. Este simposio propón unha reflexión sobre as novas profesíons emerxentes dentro da Educación Social, presentando exemplos innovadores e inspiradores que ilustran o potencial deste campo para adaptarse e liderar en escenarios novidosos.

Un dos ámbitos destacados é o dos eSports, onde a figura da educadora social xoga un papel esencial na promoción de valores como o traballo en equipo, a xestión emocional e o benestar mental dos xogadores profesionais. Este contexto, que combina competitividade e tecnoloxía, require unha intervención que fomente hábitos saudables, inclusión e habilidades sociais que vaian máis alá da pantalla.

No ámbito deportivo, a educadora social amplía o seu impacto traballando con clubs e entidades deportivas para fortalecer a inclusión, a igualdade de xénero e a convivencia intercultural. A través de proxectos que combinan actividade física e educación en valores, contribúe a crear espazos seguros e enriquecedores, tanto para atletas profesionais como para comunidades locais.

Outros escenarios emerxentes inclúen o traballo en contextos como apoio esencial na neurodiversidade, xogando un papel fundamental no acompañamento de persoas autistas e as súas familias, proporcionando ferramentas e apoios que favorezan a comprensión da neurodiversidade e a mellora da calidade de vida

Este simposio será unha oportunidade para explorar como a Educación Social pode reinventarse e abrir camiños cara a un futuro cheo de retos e ilusións, ampliando horizontes e consolidando a súa relevancia nunha sociedade en constante cambio.

Contribución 1

eSports e Educación Social

Sandra Vázquez Prol (Universidade de Vigo)

Millán Brea Castro (Universidade de Vigo)

RESUMO

INTRODUCCIÓN. Os eSports representan un fenómeno global en crecemento que transcende o ámbito do entretemento, converténdose nun espazo de interacción social, desenvolvemento profesional e impacto cultural. Este escenario ofrece novas oportunidades para a intervención

da Educación Social, permitindo abordar retos como a saúde mental, a xestión emocional e a promoción de valores. **OBXECTIVOS.** O obxectivo principal desta experiencia é analizar o papel da educadora social no contexto das "gaming houses", destacando o seu impacto no benestar integral dos xogadores profesionais e no fomento dunha cultura saudable dentro dos eSports. Preténdese explorar como a Educación Social pode contribuír a humanizar este ámbito altamente competitivo. **DESENVOLVEMENTO.** A intervención baséase en programas educativos que inclúen a xestión do estrés, habilidades de comunicación, traballo en equipo e formación en valores como a diversidade e a igualdade. Estes programas implántanse en colaboración con equipos profesionais, destacando a necesidade de establecer rutinas equilibradas que combinen o rendemento deportivo coa saúde física e emocional. Ademais, trabállase co entorno das gaming houses para garantir un clima inclusivo e seguro. **CONCLUSIÓN.** Os resultados preliminares destacan a importancia da presenza da educadora social neste ámbito, ao favorecer o desenvolvemento persoal e profesional dos xogadores e establecer unha ponte entre o mundo tecnolóxico e as necesidades humanas. Os eSports son un exemplo de como a Educación Social pode reinventarse e ser clave en sectores emerxentes, contribuíndo á construción dun futuro máis inclusivo e ético.

PALABRAS CHAVE

eSports, videoxogos, tecnoloxía.

REFERENCIAS

- Castro, M. B. (2021). Didactic methodology in professional e-sport training. An international experience in Brawl Stars. *Retos: nuevas tendencias en educación física, deporte y recreación*, 41, 247-255.
